

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

CORRECCIÓN de erros. Resolución do 1 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativa ao Plan de Vehículos Eficientes, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan as devanditas axudas.

Advertidos erros na mencionada resolución, publicada no DOG núm. 234, do 9 de decembro de 2011, procédese a realizar as seguintes correccións:

– Ao final da resolución deben inscribirse os anexos IV e V tal e como constan a continuación:

ANEXO IV
Plan de Vehículos Eficientes
Definición dos vehículos subvencionables

- Categorias de M1 e N1.

As categorías de vehículos M1 e N1 defínense no anexo II da Directiva 2007/46/CE da Comisión, do 20 de decembro, como se recolle a seguir:

– Categoría M1: vehículos de oito prazas como máximo (excluída a do condutor) deseñados e fabricados para o transporte de pasaxeiros.

– Categoría N1: vehículos cuxa masa máxima non supere as 3,5 toneladas, deseñados e fabricados para o transporte de mercadorías.

- Vehículos turismos híbridos.

A tecnoloxía híbrida é aquela que incorpora dous sistemas de almacenamento de enerxía (depósito de combustible e batería eléctrica) e dobre motorización térmica e eléctrica, de tal forma que ambas, de forma individual ou conxunta, traccionan ou participan nalgún momento na tracción do vehículo (non só no arranque). Existen dous tipos de vehículos híbridos:

– Full Hybrid: con capacidade de tracción única eléctrica de forma voluntaria polo condutor.

– Mild Hybrid: sen capacidade de tracción única eléctrica de forma voluntaria polo condutor.

ANEXO V

Convenio de colaboración entre o Inega e a entidade colaboradora... para a xestión de axudas relativas ao Plan de Vehículos Eficientes.

Santiago de Compostela, ... de ... de ...

Dunha parte, o director do Instituto Enerxético de Galicia, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 5 e 8 da Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia.

Da outra parte..., con NIF..., actuando en nome e representación da entidade con NIF..., debidamente facultado para subscribir este convenio,

EXPOÑEN:

I. Que o Inega acordou realizar unha selección de entidades colaboradoras para o Plan de Vehículos Eficientes, estas entidades colaboradoras actuarán de enlace entre o Inega e os beneficiarios das axudas que se convoquen para o impulso das medidas de mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia.

II. Que ambas as partes consideran que, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir unha mellor prestación de servizos aos beneficiarios das axudas, e de conformidade cos artigos 9 e 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes estipulacións:

Primeira. Obxecto da colaboración.

O obxecto deste convenio consiste en establecer un marco de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia e a entidade... de acordo coa Resolución do... de... de 2011, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativa ao Plan de Vehículos Eficientes, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan as devanditas axudas como anticipadas de gasto. (*Diario Oficial de Galicia* núm..., do... de... de...).

Segunda. Entidade colaboradora.

A entidade... é unha entidade colaboradora que cumpre co establecido nos artigos 7 e 8 da Resolución do... de... de 2011, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativa ao Plan de

Vehículos Eficientes, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión e se convocan as devanditas axudas (en diante bases reguladoras do Plan), que acredita o cumprimento dos requisitos e as condicións de solvencia económica e técnica previstas na devandita resolución.

Terceira. Prazo de duración.

Este convenio terá a mesma vixencia que o Plan de Vehículos Eficientes, establecida no artigo 5 das Bases Reguladoras do Plan.

Cuarta. Obrigas da entidade colaboradora.

A entidade colaboradora obrígase, ademais de ao establecido no artigo 7 das bases reguladoras do Plan, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao seguinte:

– Asumir a tramitación e xestión ante o Instituto Enerxético de Galicia das axudas dos beneficiarios.

– Comprobar e certificar o cumprimento das condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para que os solicitantes obteñan a condición de beneficiario, así como, a idoneidade da documentación que se lles exige para a percepción da subvención.

– Presentar as solicitudes das axudas dos beneficiarios xunto coa documentación xustificativa do desenvolvemento das actuacións, tal e como se recolle nas bases reguladoras.

– Comunicarlle ao Instituto Enerxético de Galicia calquera variación que se produza nos datos inicialmente indicados para adherirse a este convenio, garantindo a confidencialidade dos datos subministrados.

– Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as normas que a desenvolvan.

– Reintegrar as cantidades percibidas no suposto de incumprimento dos requisitos e das obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Atoparse sometida ás actuacións de comprobación e control previstas na letra d) do artigo 12 da devandita Lei 9/2007.

– Encontrarse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado, da Administración autónoma, así como coa Seguridade Social.

– Someterse ás actuacións de inspección e control que o Inega poida efectuar respecto á xestión destas axudas, e que permitan a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas, de acordo co establecido na liña d) do artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Dar a adecuada publicidade do carácter público do cofinanciamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto. En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o cofinanciamento pola Xunta de Galicia a través do Inega e, se é o caso, o cofinanciamento con fondos do IDAE no marco do Convenio do 3 de xullo de 2008.

– Conservar os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa axuda outorgada durante un período de cinco anos desde a súa concesión, e deberán restituír a cantidade percibida nos casos en que conorra causa de reintegro.

Quinta. Compromisos da entidade colaboradora.

Ademais dos compromisos establecidos no artigo 7 do Plan de Vehículos Eficientes, a entidade colaboradora comprométese a:

– Coñecer o contido das bases reguladoras do Plan e deste convenio e a cumprir cos requisitos establecidos neles.

– Que ten o domicilio social ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

– Que posúe a solvencia técnica e económica segundo o establecido no artigo 7 da resolución.

– Que consente expresamente a utilización de medios electrónicos na comunicación entre as entidades colaboradoras e o Inega, segundo o establecido nos artigos 27 e 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, así como no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

– Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Que comunicará ao Inega calquera variación que poida acontecer nos datos recollidos nos documentos achegados.

– Que autoriza o órgano xestor para que requira a información necesaria en relación ao NIF da entidade colaboradora. De non dar a autorización para a comprobación mencionada, deberá presentar copia do NIF da entidade colaboradora (non do representante legal).

– Que autoriza o órgano xestor para que requira a información necesaria para coñecer se está ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría da Seguridade Social e coa Facenda da administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non dar a autorización para a comprobación mencionada anteriormente, deberá presentar certificación xustificativa de estar ao día coa súas obrigas cos organismos sinalados anteriormente.

Sexta. Obrigas do Instituto Enerxético de Galicia.

O Instituto Enerxético de Galicia obrígase a pagar á entidade colaboradora a cantidade correspondente por cada proxecto concedido na resolución das axudas con cargo a cantidade inicial destinada en cada convocatoria de axudas, percibida a través do Convenio marco de colaboración entre o Inega e o IDAE, para a definición e posta en práctica das actuacións previstas no Plan de Acción 2008-2012 (PAE4+) da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España.

Sétima. Xustificación dos requisitos dos beneficiarios.

A xustificación polos beneficiarios das condicións establecidas para o outorgamento das subvencións correspondentes realizarase no momento da venda.

A entidade colaboradora atópase obrigada a requirir aos beneficiarios a documentación establecida nas bases reguladoras do Plan, así como a comprobala e a gardar a devandita documentación durante un período de cinco anos desde a concesión da axuda.

Oitava. Rexistro especial de operacións.

A entidade colaboradora, para facilitar a axeitada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas bases reguladoras do Plan, levará un rexistro especial das operacións que se realicen dentro do Plan, que estará ao dispor do Inega e dos demais órganos fiscalizadores da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste rexistro gardarase unha copia da documentación xustificativa das operacións rexistradas, así como da documentación que entreguen os beneficiarios.

Novena. Requisitos da entidade e dos beneficiarios.

Os requisitos que debe cumprir e facer cumprir a entidade colaboradora nas diferentes fases do procedemento de xestión das subvencións, son os que se especifican nos artigos 7 e seguintes das bases reguladoras do Plan.

Décima. Xustificación das subvencións.

Os beneficiarios xustificarán as subvencións, a través da entidade colaboradora, nos prazos e na forma previstas no artigo 10 das bases reguladoras do Plan.

Undécima. Causas de resolución.

Son causas de resolución deste convenio entre o Inega e a entidade colaboradora o incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas, no articulado das bases reguladoras do Plan, sen prexuízo da tramitación dos compromisos adquiridos con anterioridade sobre expedientes en curso, así como a falsidade ou inexactitude nos datos e documentos achegados polas entidades colaboradoras.

Décimo segunda. Incumprimento.

Se no curso das verificacións que realizará o Inega se detectase que a entidade colaboradora incumpriu algunha das condicións establecidas na normativa de aplicación, resolverase a adhesión, o que implicará a perda dos beneficios e, de ser o caso, decretarase a obriga de que lle reintegren ao Inega as cantidades obtidas indebidamente cos xuros legais que correspondan, sen prexuízo das accións legais e sancións que correspondan.

Cando se realizaran descontos por parte do establecemento adherido en concepto de axuda obxecto do Plan a titulares dunha solicitude e se comprobara posteriormente por parte do Inega que non se cumpriron as condicións establecidas para recibir a devandita axuda por parte dos beneficiarios ou, se é o caso, se comprobara que houbo incumprimentos por parte da entidade colaboradora, a entidade asumirá os devanditos descontos, e non llos poderá reclamar ao Inega.

Ademais, o incumprimento por parte da entidade colaboradora adherida consistente en aprazar o pagamento da axuda ao cliente final ata despois de que o Inega llo ingrese a el, en lugar de descontalo no momento do pagamento, supoñerá o incumprimento do Plan de Vehículos Eficientes, coas consecuencias previstas nesta cláusula.

Décimo terceira. Natureza administrativa.

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1.º d) da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios desta

lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puideren presentar. Rexerose polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo. As dúbidas que poidan xurdir en relación coa interpretación e co cumprimento do convenio resolveranse de común acordo, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo cuarta. *Normativa reguladora especial.*

Para todo o non previsto neste convenio, observarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega; Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos; Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, así como no resto da normativa que resulte de aplicación.

(Sinatura)

Polo Instituto Enerxético de Galicia,
Eliseo Diéguez García
Director do Inega

(Sinatura)

Pola entidade colaboradora,
...
Representante legal de...

A entidade colaboradora remitirá dúas copias do convenio asinado polo representante legal. O convenio de colaboración asinado polo director do Inega remitiráselle a entidade colaboradora unha vez resolta a solicitude de adhesión.

Instituto Enerxético de Galicia

Rúa Avelino Pousa Antelo, núm. 5; 15707 Santiago de Compostela.